

Transcripción 3



1 Transcripción 3

Vouvos contar, lo<go>, cando foi que embarrancou o Casón, hai agora dez anos. Vaia, fai este decembro aínda. Hai nove anos, tiña eu daquela dez. Ben, para os rapaces foi unha festa. O conto, inda non se sabe como foi, se o embarrancaron a propósito se non. O barco, alí, quedou. E empezou a corre-la noticia, que embarrancara un barco, morreran vinte e tres chinesíños que ían ó... e o barco era Panameño. E tiñan os mortos, na lonxa. Tíñanos alí tirados onde estaba o peixe que despois inda había mortes porque, como puxeran os mortos onde tiña que esta-lo peixe, non era hixiénico. Non era hixiénico e tampouco era... daba com<o>... vaia, un se é nifroso, dálle aquel.

E tiveron que i-los homes de Fisterra, vindo do mar, axudar a quita-los mortos que os ía colle-la lancha da Cruz Vermella. Foinos collendo pouco a pouco e traéndoo para a lonxa e tivéronlles que axudar. Foi o conto moi coñecido. Saíu en tódalas televisións. Que supuxo iso para nós? Ese barco disque ía cargado de materias tóxicas. Despois sempre nos dicían que non pasaba nada, que estaba todo controlado. Ese era o lema que dicía o alcalde. Controlado non estaba o conto. E nós, na miña casa, o que fixemos foi, mandáronnos a tódolos pequenos, para Ferrol. Uns fomos para Ferrol, outros foron para Santiago, para A Coruña. Houbo quen foi para O Pindo, mira ti que que conto, porque en chegando a Fisterra, ó Pindo chega de contado; pero todo o mundo escapou, ninguén quixo quedar alí. Escaparon homes e mulleres, montáronse coches de liña a propósito pola noite. Nós marchamos unha semana antes; pero cando empezaron a explotar os bidóns... que iso estaba todo o día ardendo e todo o día exército, policía para aquí e para alá. E inda foi un conto.

E entón, vaia, para nós foi un... unha festa; pero pasouse moi mal. Pasouse moi mal porque despois non se ganaba, a xente non quería ir ó mar, porque as lonxas non querían compra-lo peixe de Fisterra. En Fisterra o peixe tampouco se vendía, que tiñan medo que estivese contaminado ou que tivese algún aquel... As vacas de cerca, tch, non foi dar a Fisterra mesmo, foi dar á praia da Arnela. Dándolle a volta ó cabo, pola banda de fóra.

E entón, non querían comer aquelas vaquiñas porque disque podían ter algo malo. E matáronas todas dicindo que tiñan tuberculose, que estaban contaminadas; e entón as leiteiras non tiñan nin vacas nin leite; os mariñeiros ó mar non podían ir, e se ían, o peixe non

o vendían. E entón foi un aquel, foi no Nadal, foron unhas festas moi malas moi malas, a xente andaba con cara de triste, notábase o ambiente que non era festa nin era nada.

Nós, inda o contamos como se fose un chiste porque, cuns contos e con outros, os rapaces non tivemos escola, tivemos unhas vacacións de cerca dun mes ou máis. E iso foi para nós unha festa, claro, que sabíamos nós de perigos e de mortes e do que supoñía que aquilo quedase alí e...?, que nos amargaba a vida toda, non... Matou durante, eu que sei, tres meses? Matou toda a fonte de ganancia canta había na zona. E nós que sabíamos?, viámonos, viamos os nosos pais que estaban mal, pero dicías ti: "Xa... non se gana, haberá mar, non haberá?". Pero con mar ou sen el as cousas foron bastante mal, foron bastante mal. Grazas a Deus, despois foise... despois foise aquelando, foise indo para adiante, e así. Acabou o conto. E eu tamén.



UNIÓN EUROPEA
Fondos Europeo de Desarrollo Regional



**Junta
de Andalucía**

Consejería de Educación
y Deporte